

## **PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN CENTROS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA DESENVOLVER NO CURSO ACADÉMICO 2008-2009**

O presente proxecto foi elaborado seguindo as indicacións da convocatoria aparecida no DOG do 13 de maio de 2008. O proxecto desenvolverase no curso 2008-2009 no IES As Bizocas do Grove.

Co presente proxecto búscase a colaboración con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas súas empresas locais, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.

### **XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

No IES As Bizocas tivemos no curso 2007-2008 matriculados un total de 180 rapazas e rapaces. Para un centro tan pequeno a realidade sociolingüística do noso estudantado parécenos certamente preocupante. Cada vez son menos os estudantes que teñen como lingua habitual a lingua galega, sendo esta unha situación que se evidencia en todas as capas sociais e idades dos residentes no Grove.

O rexeitamento da lingua agrávase ao ser o noso, un dos concellos máis turísticos de toda Galicia. Realidade que condiciona un posicionamento lingüístico moitas veces contrario ao galego, ao entenderse que é unha lingua minoritaria, non apta para achegarse ao visitante (unha das principais fontes de ingresos municipais).

Aproveitando as circunstancias, positivas e negativas, que nos rodean tentaremos influír nos nosos alumnos e alumnas para que sexan eles os que traballen na normalización da situación da nosa lingua no seu concello. Trátase de educar falantes conscientes e comprometidos, dispostos a actuar para mudar as cousas.

O proxecto que aquí se presenta parte dunha realidade educativa consolidada con éxito durante o pasado curso académico (2007-2008). Desde o primeiro trimestre a Concellaría de Cultura do Grove, o Técnico Municipal e o ENDL do IES As Bizocas traballaron coordinadamente a prol da lingua. A idea para o vindeiro curso é crear unha plataforma dirixida por estas tres entidades onde, colaboren e participen todos os centros educativos do concello, isto é: o IES Monte da Vila, o CPI As Bizocas, o CPI Con Meniño, o CPI Valle-Inclán e o CPI Rosalía de Castro.

O que se pretende, é achegar as propostas descritas neste proxecto a todos os estudantes de primaria e secundaria do Grove, recorrendo para isto ás coordinadoras e coordinadores dos ENDL dos distintos centros educativos.

No pasado curso organizáronse distintas actividades aplaudidas pola comunidade educativa e os medios de comunicación. Campaña buscando o xabaindulto (a non redución no horario de emisión do programa infantil do Xabarín Club), safari fotográfico á caza da barbaridade lingüística na vila do Grove...

Desde esta plataforma organizaranse e difundiranse no curso 2008-2009 unha serie de actividades dirixidas a toda a comunidade educativa, de maneira que se logre o traballo conxunto de todas as persoas que traballando no eido da normalización lingüística desenvolvan a súa actividade no concello grovense.

### **OBXECTIVOS DO PROXECTO**

- 1.- Consolidar actitudes favorables cara a lingua galega na mocidade do concello do Grove.
- 2.- Valorar a lingua galega como unha realidade útil á hora de interactuar co medio social e económico da contorna.
- 3.- Organizar os esforzos lingüísticos e educativos dos seis centros educativos (de primaria e secundaria) existentes no concello.
- 4.- Interactuar e achegar a lingua á realidade cultural, social e económica dos veciños do concello, facendo que toda a comunidade colabore na defensa e valoración da lingua galega.
- 5.- Incidir na consideración da lingua galega como ferramenta útil e eficaz máis alá do ámbito escolar.
- 6.- Fomentar o espírito crítico e a participación cidadá.
- 7.- Incidir na realidade lingüística do concello, evidenciando carencias e procurando unha implicación consciente na recuperación da lingua galega.
- 8.- Fomentar o traballo e o esforzo conxunto entre alumnado, profesorado, centros de ensino e Concello do Grove.
- 9.- Establecer un método de traballo que se poida consolidar en cursos sucesivos, facendo fincapé no traballo coordinado de todos os centros educativos instalados no concello. De maneira que se poidan discutir as liñas e actividades a levar a cabo, non descartando en ningún momento a posibilidade de ampliar a plataforma a outros concellos da contorna.
- 10- Fomentar o traballo interdisciplinar.

### **PROFESORADO IMPLICADO**

Patricia Arias Chachero

Coordinadora do ENDL e profesora de Lingua e Literatura Galega

Colabora na redacción e edición do material, xestiona a colaboración entre entidades

María José Besteiro Boudón

Profesora de Lingua Inglesa

Participa nas traducións ao inglés

NIF: 33 819 957-K

Xosé Manuel Durán

Secretario do centro e profesor de Música

NIF: 52 493675-Q

Paula González López

Profesora de Lingua Francesa

Ocúpase das traducións á lingua francesa, coordina o traballo co alumnado nesta área

NIF: 35 319 205 Z

Alberto Lago Villaverde

Profesor de Ciencias Sociais

Responsable da área e na maquetación das publicacións

NIF: 36 054 099 N

Olga M<sup>a</sup> Lalín García

Xefa de Estudos e profesora de Lingua Inglesa

Colabora nas traducións á lingua inglesa, coordina o traballo co alumnado nesta área

NIF: 76 993 914 B

Antonio Solla Rodríguez

Profesor de Matemáticas e responsábel das TIC do centro

Colaboraría na gravación de vídeos, CD, DVD e en todo aquilo que teña que ver coa informática

NIF: 36 087 594 L

María Nieves Peña Pazo

Directora do IES e profesora de Lingua Castelá

Revisa textos en castelán

NIF: 22 726 705 Z

Susana Rial Santos

Coordinadora de actividades extraescolares e profesora de Matemáticas

NIF: 44 810 369 K

Todos os docentes citados arriba teñen destino definitivo no centro. Cómpre sinalar ademais que atendendo ás particulares características do IES As Bizocas, prevese que no curso 2008-2009 se incorporen un número importante de profesores interinos (entre 4 e 5), as persoas arriba mencionadas agardan poder contar coa colaboración e implicación de parte destes docentes.

### **OUTRAS PERSOAS IMPLICADAS**

Aceptaron colaborar neste proxecto as seguintes persoas:

Xosé Antón Barral

Profesor do IES xubilado, veciño do Grove e gran coñecedor da contorna

Arximiro Fernández Cabanelas

Técnico Municipal de Normalización Lingüística

Colaborador co Proxecto de Microtoponimia de Galicia dirixido por Gonzalo Navaza

Antón Mascato

Concelleiro de Cultura do Grove

### **ACTIVIDADES**

En principio os esforzos de alumnado e profesorado no curso 2008-2009 concentrárase nas seguintes actividades, todas elas presentadas con carácter anual.

1.- Elaboración dun panfleto turístico.

Na actualidade nin o Concello do Grove nin as distintas oficinas de turismo radicadas na localidade posúen ningún díptico, tríptico ou calquera outro material de información turística redactado na nosa lingua. Todo o material (mapas, información sobre lugares de interese, festas, restaurantes...) que chega aos milleiros de turistas da CEE que visitan a localidade, está invariablemente escrito en lingua castelá.

Atendendo á importancia que para o concello e a súa contorna ten o sector turístico ao longo de todo o ano, o ENDL do IES en colaboración con profesorado das áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Educación Plástica, Lingua Inglesa, Lingua Francesa, Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá, propónse que os estudantes de 4º e 3º de ESO traballen na elaboración deste tipo de material.

A idea é traballar distintos aspectos da xeografía local (lugares de interese artístico, histórico e natural) desde distintas áreas educativas (Xeografía e Historia, Bioloxía, Educación Plástica),

reunir información, redactala adecuadamente e presentarlle o resultado á Concellaría de Cultura do Grove para que, se o estima oportuno, o edite e o faga chegar aos milleiros de visitantes que ao longo de todo o ano e de maneira ininterrompida se interesan polo Grove e a súa contorna.

Desde a área de Educación Plástica pódese traballar a fotografía dos lugares máis destacados e a elaboración dos oportunos mapas e debuxos. Desde a área de Ciencias Sociais traballaranse os contidos puramente artísticos e históricos, centrando a nosa atención naqueles monumentos e lugares de interese. As áreas das diferentes linguas comprométense chegado o caso, a traducir o material elaborado ás distintas linguas presentes na comunidade educativa. A idea é achegar o material á maior cantidade posible de visitantes.

Se o proxecto tivese éxito poderíase redactar un díptico en galego. A seguir pensaríase na edición de: un (o mesmo) en galego e inglés, un en galego e francés e un en galego e castelán. Por suposto, todo isto se traballaría cos alumnos e alumnas do centro nas distintas materias implicadas.

A información reunida excederá con seguridade o tamaño desexábel nun panfleto turístico, proporáselle ao Concello e ás oficinas de turismo a inclusión da información restante na páxina web municipal (na actualidade integramente en castelán).

O profesorado implicado no proxecto garante:

- a redacción de todo o material en galego como primeira lingua
- a fiabilidade e documentación do traballo elaborado polos estudantes
- a correcta tradución deste material as distintas linguas da comunidade educativa

Con esta actividade procurarase:

- O recoñecemento e a valía da lingua galega como canle útil e digna para achegarse ao visitante. Recoñecendo na variedade lingüística unha riqueza e non un motivo de vergoña. Procurarse facerlles ver aos estudantes que o feito de posuímos unha lingua propia é sempre un motivo de orgullo e que poden recorrer a ela para facer aínda máis atractivo o seu lugar de residencia, un lugar xa de por si visitado.
- Que os estudantes coñezan e valoren a súa lingua e a realidade inmediata na que viven.
- A implicación da maior cantidade posible de alumnado na redacción, coñecemento e documentación dos distintos lugares de interese do seu concello.

2.- Tradución das cartas dos restaurantes.

En colaboración coa Concellaría de Cultura e co Técnico Municipal de Normalización Lingüística o IES traballará activamente nunha campaña de sensibilización no uso da lingua, dirixida aos distintos restaurantes, casas de comidas e semellantes do concello do Grove.

Trátase de propoñerlles a tradución da súa oferta alimentaria (as cartas dos establecementos) ás distintas linguas manexadas pola comunidade educativa (galego, castelán, inglés e francés).

Seguindo iniciativas levadas a cabo noutros concellos e co consello e información proporcionado polo Consello da Cultura Galega ofreceráselles a posibilidade de maquetar a oferta de comida seguindo uns modelos, de maneira que unha vez aceptadas as condicións, o restaurador só terá que levar á imprenta o material.

O IES As Bizocas colaborará na tradución de todo o material e coordinará o traballo de tradución doutros centros (en caso de que estivesen interesados en colaborar). Evidentemente neste momento non é posible cuantificar a cantidade de establecementos aos que poderemos chegar, con todo propoñémonos facelo á maior cantidade posible.

Se a campaña tivese boa acollida poderíamos pensar en ampliála coa elaboración de deseños para panos de mesa, para manteis individuais, para sinalización dentro e fóra do local...

O profesorado implicado no proxecto garante:

- a redacción de todo o material en galego como primeira lingua
- a fiabilidade e calidade do traballo realizado polos estudantes
- a correcta tradución deste material as distintas linguas da comunidade educativa

Con esta actividade procurarase:

- A efectiva e correcta utilización da lingua galega nos distintos e numerosos establecementos dedicados á restauración ubicados no concello do Grove.
- A valoración da nosa lingua fóra do ámbito educativo.
- A vinculación entre a realidade socio-cultural da vida do noso estudantado e a práctica educativa en lingua galega.
- Achegar á lingua á realidade social dos múltiples hostaleiros e hostaleiras do concello.
- Difundir a campaña á maior cantidade posible de centros educativos, buscando a colaboración activa da maior cantidade posible de docentes e discentes.

### 3.- Edición dun libro monográfico que recolla diferentes biografías de mulleres grovesas

Os departamentos de lingua e os profesores de reforzo educativo do centro traballarán cos seus alumnos na elaboración de pequenos traballos biográficos centrados na vida das veciñas de máis idade, aboas e bisavoas das nosas alumnas e alumnos.

A realidade económica e social do Grove fai que desde hai moitos anos as mulleres traballen fóra da casa (no mar, nas conserveiras, no hotel da Toxa, na fábrica de xabón...). Son estes traballos remunerados que teñen incidido con evidencia na conformación da sociedade grovense.

Co material reunido elaborárase no terceiro trimestre un libro (ou unha revista se o material reunido non fose demasiado) maquetado, deseñado e elaborado no centro. Agardamos que esta publicación reúna variadas e interesantes traxectorias vitais femininas. Buscamos que na edición do libro colaboren docentes e discentes, participando activamente os estudantes que así o desexen, no proceso de teclear, maquetar, escanear fotografías...

Chegado o caso pódese lle propoñer ao Servizo Galego da Muller a súa publicación ou a colaboración na edición.

Con esta actividade preténdese fomentar o diálogo interxeneracional, procurando que os nosos alumnos e alumnas reflexionen a propósito da figura da muller partindo das persoas maiores coas que conviven a diario. Búscase loxicamente que a reflexión se faga desde unha óptica lingüística favorable á lingua galega. Os docentes aproveitarán a conxuntura para favorecer a reflexión a respecto da perda lingüística experimentada nos últimos anos.

O profesorado implicado na actividade comprométese a:

- Realizar un traballo contrastado e ben documentado
- Coidar a redacción dos traballos dos alumnos
- Fomentar o uso da lingua galega entre todo o alumnado implicado

Con esta actividade búscase:

- Recuperar biografías de mulleres anónimas que sirvan para amosarlle aos nosos alumnos o papel da muller na súa comunidade.
- Concienciar ás estudantes e aos estudantes da perda lingüística interxeneracional
- Fomentar o esvaecemento de todo tipo de prexuizos lingüísticos

#### 4.- Semana Cultural do Grove

Insistindo na importancia de que os nosos estudantes valoren e respecten a súa realidade física e lingüística máis inmediata, na segunda semana do mes de maio de 2008 (coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas) organizárase nas instalacións do centro, unha semana cultural de portas abertas, onde poderán participar todas aquelas persoas que o consideren oportuno.

O programa de actividades chegará a todos os fogares a través dos nosos alumnos, aos que se lles proporcionarán fotocopias do mesmo.

Algunhas propostas de actividades (a estas alturas do ano dificilmente concretables) serían: proxección do documental “Novo Endem”, onde se conta as peripecias dunha vintena de homes que marcharon do Grove no ano 1937 para fuxir da Guerra Civil española, charlas impartidas polos maiores do concello sobre como eran as cousas antes (a vila, os traballos, os veraneantes...), unha delas con seguridade a cargo do profesor Xosé Antón Barral docente xubilado que impartiu docencia durante moitos anos na parroquia de San Vicente, exposición de fotografías antigas...

Todas as actividades gravaranse nun DVD; facilitándolles aos final do curso aos alumnos e profesores que así o desexen unha copia do mesmo.

### **UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO**

Os principais recursos no traballo que pretendemos desenvolver serán humanos. Para iso buscarase a colaboración da maior cantidade posible de docentes. Ademais dos sinalados no comezo do proxecto o ENDL buscará a colaboración dos profesores que cheguen no curso que vén.

Por suposto tentarase que parte do traballo de edición, gravación e maquetación o fagan de maneira voluntaria, os propios estudantes sendo a última hora eles os encargados de axudar ao profesor Antonio Solla neste tipo de tarefas.

Ademais para a realización das actividades expostas utilizarase o material informático existente no centro, fundamentalmente ordenadores, canón e cámaras de fotografía dixital. Todos eles serán utilizados para redactar, buscar información e maquetar os traballos anteriormente descritos.

Ao contarmos co Concello do Grove para a realización destas actividades poderemos ademais dispoñer de medio de transporte gratuíto (o tren turístico) para desprazar aos rapaces aos distintos lugares da península que mereza a pena coñecer ou retratar.

A Semana Cultural levarase a cabo no propio centro, para o cal será preciso dispoñer de espazos comúns como corredores, aula de informática, biblioteca e polideportivo.

### **A COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DA CONTORNA**



Como xa se describiu o proxecto levarase a cabo en estreita colaboración coa Concellaría de Cultura e co Técnico Municipal de Normalización Lingüística. Ademais no curso pasado traballouse con todos e cada un dos coordinadores do ENDL dos outros centros de ensino.

A comezos de curso organizarase unha reunión no edificio do Concello ou na Casa da Cultura onde se convocará a todos os coordinadores de ENDL (en principio serán os mesmos que no curso pasado) para expoñerlles as actividades aquí descritas e poder comezar a traballar.

En cursos vindeiros a colaboración con asociacións e entidades locais pode irse ampliando a medida que se asenta a plataforma e se consolidan as actividades.

### **O PLAN DE AVALIACIÓN**

En principio semella difícil avaliar os resultados obtidos. Buscarase que as actividades descritas cheguen á maior cantidade posible de xente, non só a estudantes senón tamén a familiares e veciños. Buscando a complicitade de todas e cada unha das persoas interesadas en participar dunha ou outra maneira.

O grao de implicación do estudantado e do profesorado será un bo indicador do éxito alcanzado.

### **AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA A ÓPTIMA EXECUCIÓN DO PROXECTO**

O profesorado implicado aceptaría de boa gana formación na coordinación de grupos de traballo e no discurso extra-docente. Ademais sería importante poder ampliar os coñecementos e destrezas relacionados coas novas tecnoloxías (edición de DVD, maquetación de publicacións...). Os membros do ENDL agradecerían moi especialmente a formación en animación lingüística e en estratexias para abordar a situación nos centros de ensino.

### **MEDIDAS QUE PENSAN TOMARSE PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, AS FAMILIAS E A COMUNIDADE, PARA FOMENTAR A SÚA PARTICIPACIÓN E O APROVEITAMENTO**

A medida que o material vaia estando listo irémolo presentando ante os medios de comunicación a través de roldas de prensa. Para iso buscarase a implicación do alumnado, especialmente dos estudantes máis maiores (4º de ESO). Que sexan eles os que redacten notas de prensa e as envíen por correo electrónico. Ademais serán os propios estudantes os encargados de responder as preguntas dos xornalistas e de expoñer ante eles o seu traballo.

O equipo de docentes que avala este proxecto traballa desde o convencemento de que só coa implicación e o traballo directo do noso estudantado podemos chegar a formar cidadás e cidadáns lingüisticamente comprometidos e conscientes.

No caso do libro biográfico mandaráselle unha carta ás familias explicándolles cal é o proxecto no que colaboran os seus fillos e fillas. Pedíndolles ademais que acheguen ao centro aquelas fotografías que poidan ser relevantes na edición da publicación. Tentaremos facer un traballo exhaustivo e de calidade.

O mesmo procedemento seguirase no caso da Semana Cultural do Grove, unha carta dirixida ás familias e repartida coa axuda dos titores dos distintos cursos chegará a cada casa informando das actividades previstas e convidando a nais, pais e titores legais a participaren nas mesmas.

San Vicente, 10 de xullo de 2008

Patricia Arias Chachero  
Coordinadora do ENDL do IES As Bizocas  
rúa Balea s/n, San Vicente, O Grove  
teléfono: